




PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS

En Santiago de Compostela, a luns 23 de outubro de 2017, ás 10:00 h. reúnen-se os membros do xurado do décimo premio Auditorio de Galicia para novos artistas 2017, Dña. Carlota Álvarez Basso, directora de Matadero Madrid; Carme Nogueira, artista; Ignacio Pérez Jofre, artista e profesor de pintura, BBAA; Natalia Poncela, crítica de arte e Branca Novoneyra, concelleira de Acción Cultural que actúa como presidenta do xurado –por delegación da Presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia–; e Dña Chus Busto Castiñeiras, por delegación do Director – xerente do Auditorio de Galicia, como secretaria deste xurado, con voz e sen voto.

Despois do estudio dos 85 dosieres presentados e da votación dos membros do xurado, este decide por unanimidade, seleccionar para a exposición a obra dos seguintes artistas: Carla Andrade, Amine Asselman, Pablo Barreiro, Pilar Boullosa, Marta Bran, Abi Castillo, Olalla Castro, Samuel Castro, Nicolás Combarro, Iria Cortizo, Marcos Covela, Miguel Cuba, Olmo Cuña Carracelas, Carlota de Leal, Roi Domínguez, Edu, Iago Eireos, David Fidalgo Omil, Basilisa Fiestras, Marta Fortes, Julia Huete, Berio Molina, Rosa Neutro, Ana Pérez Ventura, Lara Pintos, Mar Ramón Soriano, Martín Rivas, Brais Rodríguez, Aarón Sanromán, Borja Santomé, Paula Santomé, Andrea Torres, Denise Vaccarello, Pablo Vence, Xabier Vieiro e Jesús Yáñez. E o xurado decide non valorar o dossier da participante María Marticorena por non cumprir o punto 2 Participantes das bases da convocatoria, onde se indica 'Poderán participar artistas que (...) sexan menores de 40 anos a 31 de decembro de 2017'.

As obras premiadas serán escollidas nunha nova convocatoria deste xurado, cando estas sexan presentadas no Auditorio de Galicia, en data e hora por determinar. Os premios faranse públicos e serán outorgados durante o acto de inauguración da mostra en novembro de 2017.

Sen máis asuntos que tratar, ás 18.15 horas a Presidenta levanta a sesión, da que, como Secretaria, extendo, co visto bo do Presidente, este acta.

Vº Bº.  
  
A Presidenta

  
A Secretaria